FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

PADRÓN 2023

Os vindeiros 50 anos da Casa de Rosalía

Casa de Rosalía

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

Os vindeiros 50 anos da Casa de Rosalía

Logo das intensas -e extensas- celebracións do cincuentenario da Casa de Rosalía, que tiveron lugar entre 2021 e 2022, en 2023 demos comezo ao que serán os vindeiros 50 anos deste museo, que agardamos supoñan un avance importante con máis e mellores servizos ao usuario/visitante, máis internacionalización e máis acción e influencia cultural, tanto na Casa da Matanza como na nosa contorna.

En 2023 incorporamos novas linguas ás audioguías da Casa-Museo, e tamén as fixemos máis accesibles a través de códigos QR que cada visitante pode descargar no seu móbil. Este servizo será ampliado en 2024, cando a información da Casa-Museo estará tamén dispoñible nas linguas máis demandadas polos nosos usuarios: o resto das linguas peninsulares (portugués, euskera e catalán) e outras europeas como o alemán ou o italiano.

Tamén foi o ano do centenario do pasamento de Murguía, a quen lle dedicamos monograficamente o número 7 desta revista, alén de acollermos unha das xornadas que lle dedicou a Academia Galega.

Ademais, o Concello de Ames recoñeceu a Rosalía de Castro como Filla Adoptiva a título póstulo a través dunha declaración institucional do 30 de marzo que culminou cun emotivo acto na Casa da Matanza o 10 de outubro.

Outro dos feitos salientables foi a itinerancia por todo o país da exposición baseada no 'Herbario de Rosalía' de María López Sández e María Isabel Fraga, que logo da súa 'botadura' en 2022 no Real Jardín Botánico de Madrid, en 2023 percorreu trece localidades galegas, de Santiago a Lugo pasando por Ames e Pontevedra, entre moitos outros lugares.

Unha das paradas fíxonos especial ilusión: unha versión desta mostra foi adaptada ao Jardín Botánico Atlántico de Xixón [ver o mapa na ilustración da dereita], que sinalou e localizou cada planta rosaliana en cadanseu exemplar real, cun mapa que nos permitía seguir o ronsel de

Nasín cando as prantas nasen

O herbario de Rosalía

Las profesoras de la Universidad de Santiago de Compostela **María Isabel Fraga Vila** y **María López Sández** han elaborado, junto con **Miguel Fraga Vila**, responsable de las fotografías, este herbario poético, que se estructura en cinco secciones: rosas, herbiñas do campo florido, herbiñas do camposanto, árboles y otras flores, plantas y especies comestibles.

Una selección de las plantas recogidas en este herbario puede verse en las colecciones del Jardín, en un itinerario botánico y poético siguiendo los pasos de **Rosalía de Castro**. Para facilitar la visita se ha preparado un plano en el que se indica la posición de las plantas y poemas.



01. *Aesculus hippocastanum*
02. *Alnus glutinosa*
03. *Buxus sempervirens*
04. *Camellia japonica*
05. *Castanea sativa*
06. *Cedrus libani*
07. *Citrus sinensis*
08. *Crataegus monogyna*
09. *Cupressus sempervirens*
10. *Dianthus sp.*
11. *Ficus carica*
12. *Fragaria vesca*
13. *Laurus nobilis*
14. *Lavandula stoechas*
15. *Malus domestica*
16. *Olea europaea*
17. *Quercus ilex*
18. *Quercus robur*
19. *Quercus suber*
20. *Rosa canina sp.*
21. *Rosa sp.*
22. *Salix atrocinea*
23. *Salvia rosmarius*
24. *Sambucus nigra*
25. *Tilia cordata*
26. *Ulex europaeus*
27. *Urtica dioica*
28. *Vitis vinifera*
29. *Zea mays*

Xixón | Jardín Botánico Atlántico | 20 ANILLOS 2003-2023

D.L. AS-1005-2023 | www.estudiografica mente.com

herbas, arbustos e árbores que Rosalía mencionou na súa obra [ver imaxe].

Paralelamente seguiu a circular a exposición "A Casa de Galicia" sobre os 50 anos da Casa de Rosalía, que comezou o ano visitando Braga, antiga capital do Reino de Galicia, e continuou a viaxar por A Guarda, Gondomar, Caldas de Reis, A Fonsagrada, Meira, Foz, Monterroso, Viveiro, Guitiriz e rematou o ano nos Ancares, en Pedrafita do Cebreiro.

En canto a publicacións, seguimos a renovar o noso catálogo con reedicións da obra rosaliana. Así, en 2023 saíron do prelo novas edicións de *El primer loco, En las orillas del Sar* e *El caballero de las botas azules*, con prólogos de Fernando Cabo, Anxo Angueira e Catherine Davies, respectivamente. Tamén se reeditou a obra de Pilar García Negro *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo*.

No que a eventos se refire, acollemos ducias deles ao longo de todo o ano: Desde actos de irmandade con Oiartzun (vila natal da nai de Murguía) tanto en Guipúscoa coma en Padrón; a xornadas rosalianas en Lugo; Día de Rosalía con diferentes actos en Santiago de Compostela, Padrón e outras localidades do país, alén da participación de máis de 300 locais e comedores servindo o Caldo de Gloria por todo o país; conferencias e presentacións de libros; encontros da Universidade de Vigo na Casa de Rosalía; e os concertos de Pablo Castaño e Iván Vilela o Día das Letras, e de Berlai para despedir o ano.

Sen esquecer as nosas citas anuais xa consolidadas. O Rosalía en Camiño

Fotografía do acto de peche do Rosalía en Camiño no Vello Cárcere de Lugo o 3 de xuño de 2023

Xente miúda e mais grande nunha das actividades do festival
Abride a Fiestra, co Ce Orquestra Pantasma o 15 de xullo de 2023

levou do 1 ao 3 de xuño a poetas de toda a Península a Padrón, Compostela e Lugo: Jesús Castro Yáñez, Antía Otero, Luís López Alonso, Miriam Reyes, Sara Plaza e Xuan Bello. O festival Abride a Fiestra encheu a Casa e a Horta de Rosalía o 15 de xullo con manifestacións culturais de todas as cores, de Olga Novo a Xisco Feijoo, pasando por Antón Reixa, AldaoLado ou Xurxo Souto, entre outros moitos artistas. E a maré levou a Inchadiña Branca ao 2 de setembro congregando máis de trinta embarcacións tradicionais, que unha vez máis renderon homenaxe a Rosalía no Espolón de Padrón.

E rematamos o ano cunha boa e agardada nova: o proxecto de renovación do Xardín da Casa-Museo -realizado a partir do Plan Director do Xardín realizado por Orza Paisajismo en 2021- levarase a cabo na primavera de 2024 grazas ao apoio da Deputación da Coruña e do Concello de Padrón. O obxectivo desta reforma é adaptar aos novos tempos a nosa Horta-Xardín, potenciando o seu carácter ornamental, conseguindo unha maior naturalización e simplificando o seu mantemento e a súa eficiencia a través do sistema de rega por goteo, así como modificar a configuración dos espazos e a circulación. Ademais, inclúe a recuperación de espazos deteriorados e a accesibilidade da entrada.

Publicamos este oitavo número de *Follas Novas*
grazas ao patrocinio do Concello de Ribeira

Concello
de **Ribeira**

CASA DE ROSALÍA

A Matanza
15917 Padrón
+34 981 811 204

www.rosalia.gal

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO